

# HERE DE TIROS DA CRUS

★ 25 ANOS ★



# Herdeiros da Crus

## os máis grandes



## Historia

Herdeiros da Crus nacen en Castiñeiras, en Ribeira (A Coruña) en **1992**. Logo duns primeiros ensaios nun galiñeiro de Poi, ese mesmo ano ofrecen o seu primeiro concerto na mítica Festa da Dorna. En 1994 publican o seu primeiro disco, '**A Cuadrilla de Pepa a Loba**', un álbum que marcou un **antes e despois na historia do rock en galego** e no que se inclúen himnos como 'Quero josar' ou 'O fillo de José'.

As letras descaradas e divertidas, as guitarras poderosas, o falar natural, con gheada e seseo, e a actitude provocadora e irreverente, fixeron dos Herdeiros todo un **símbolo para milleiros de galegos e galegas dos anos 90** famentos de música e cultura coa que identificarse.

Logo de converterse nun dos grupos insgina do **Xabarín Club** –o mítico programa infantil da TVG–, e de ofrecer dúcias de concertos sempre

memorables (e normalmente polémicos) por toda Galicia e parte do estranxeiro (chegaron a actuar en Londres e Nova York), en **1996** editábase o **segundo disco** de Herdeiros da Crus: **Está que te cajas!!**, con temas emblemáticos como 'O teu fillo fuma porros', a melancólica 'A chaqueta de lana' ou 'Frenaso no calsoncillo', unha peza na que colabora o mesmísimo **Rosendo Mercado**.

En **1997** os Herdeiros publican dous traballos: '**Criatura**', un EP que se considera unha rareza hoxe en día, e '**Des Minutos**'. O seguinte álbum publicouse dous anos despois, en **1999**, baixo o título '**Erecciones municipales**'.

Un ano despois, en **2000**, Herdeiros da Crus publican o seu sexto disco, un dobre álbum gravado en **directo**, titulado '**All right Chicago**', que converteu a Herdeiros na primeira banda galega en editar un disco en directo) e que pon en relieve que os directos de Herdeiros son totalmente impredecibles.

Na súa última etapa antes da separación da banda editarían un disco de versións baixo o nome de 'Recambios Tucho' (2001), en 2004 publicaron o seu sétimo (e último polo momento) disco como Heredeiros da Crus: 'Chicarrón'. En 2005, o grupo retírase dos escenarios e cada un dos heredeiros inicia os seus propios proxectos musicais en solitario.

## O regreso

Foron sete anos de silencio, pero non de ausencia. A súa comunidade de fans seguiu viva e latente, e clamaban a volta dos Heredeiros.

Tal era o fenómeno que aumentaba cada vez máis o número de incondicionais que non tivera oportunidade de velos en directo. Quizáis este foi

un dos principais motivos polos que no 2012, cando se cumpren 20 anos do seu primeiro concerto, os Heredeiros da Crus, os máis grandes, volven aos escenarios para dalo todo. Un concerto único e irrepetible na discoteca LP45 Ordes (A Coruña) o 3 de marzo de 2012 que batiu todas as expectativas e agotou en menos de tres días as 3.500 entradas postas a venda. Sería o principio da volta dos máis grandes...

No 2013 Heredeiros da Crus publican un novo disco (o primeiro de estudo despois de nove anos) con 12 temas inéditos: **Jard Rock con Fe**.

Durante estes tres últimos anos, levan percorrido as citas máis relevantes do circuito musical galego, sempre enchendo cada un dos concertos que dan.

## A volta aos Jaliñeiros



**HEREDEIROS DA CRUS**  
Jaliñeiros tour

**VOLTA AOS JALIÑEIROS**

<b>20 de novembro.</b> La Iguana Club. Vigo 23.30 h	<b>12 de decembro.</b> Sala Berlin. Ourense 22.00 h
<b>21 de novembro.</b> Sala Baranda. O Barco 23.30 h	<b>18 de decembro.</b> Sala Dublin. Carballo 23.30 h
<b>27 de novembro.</b> Pousada das Ánimas. Boiro 22.30 h	<b>19 de decembro.</b> Sala Karma. Pontevedra 22.00 h
<b>7 de decembro.</b> Club Clavicembalo. Lugo 00.00 h	<b>16 de xaneiro.</b> Sala Mardi Gras. A Coruña 22.00 h
<b>11 de decembro.</b> Sala Súper 8. Ferrol 22.30 h	<b>23 de xaneiro.</b> Sala Sónar. Santiago de Compostela 22.00 h

**Prezo único de venda: 15 euros**

**Venda anticipada en:** Vigo: Honkey + Elepé/ O Barco: Ton y Son + Sala Baranda/ Boiro: A Pousada das Ánimas/ Lugo: Club Clavicembalo/ Ferrol: Sala Súper 8/ Ourense: Peggy Records/ Carballo: Sala Aquilón (Laracha) + Sala Dublin/ Pontevedra: El Pequeno + Bullit Storz/ A Coruña: Portobello + Ummagumma/ Santiago: A Retax/ Ticketea

Se algo caracterizou o 2015 foi o achegamento necesario a ese **pequeno formato** co que Heredeiros deran os seus primeiros e onde se forxou o espírito que os caracteriza. Volveron aos bares a tomarlle ao pulso ás novas xeracións que pedían un contacto directo coa banda.

O resultado foi unha xira que colgou o cartel de 'sold out' en tan só unha semana e onde quedou demostrado que Heredeiros gañan máis todavía nas distancias curtas.

Esta reválida serviu para poñer en valor a ese relevo xeracional que ten sede de Heredeiros e que os apoia incondicionalmente en cada unha das accións que fan.